

# **PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS**

## **PRAZOS DE INSCRICIÓN:**

- **CICLOS MEDIOS:** Entre o 7 e o 22 de marzo de 2019, ambos os dous incluídos.
- **CICLOS SUPERIORES:** Entre o 28 de xaneiro e o 8 de febreiro de 2019, ambos os dous incluídos.

## **REQUISITOS DE INSCRICIÓN:**

- **CICLOS MEDIOS:** Non cumprir requisitos de acceso directo e ter 17 anos no 2019.
- **CICLOS SUPERIORES:** Non cumprir requisitos de acceso directo e ter 19 anos no 2019.

**CONSULTAR EXENCIÓNS E DOCUMENTACIÓN:** **Orde do 22 de xaneiro de 2018**

## **SOLICITUDE DE INSCRICIÓN:**

- A solicitude preséntase en calquera instituto que imparta ciclos formativos de formación profesional no curso académico 2018/19.
- As solicitudes deberán presentarse en papel, no centro de inscrición, utilizando o formulario normalizado de solicitude, **anexo I** (código de procedemento ED312C) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>
- Tamén poden enviarse por correo certificado ou presentarse a través da seguinte aplicación: <https://www.edu.xunta.es/ciclosprobas/PaxinalInicio.do> (a solicitude xerada deberase imprimir e posteriormente presentala no centro de inscrición.
- O centro de inscrición elixido pola persoa solicitante tomarase como referencia para a asignación da sede de realización da proba de acceso.

## **DATAS E HORARIOS DA PROBA:**

**Lembrar que hai que acudir á proba co DNI e a copia do impreso de inscrición que se realizou.**

1. As probas de acceso aos Ciclos de Grao Medio terán lugar o día **28 de maio** de 2019 no horario que se indica a seguir:

- Ás 9.00 horas: presentación.
- Das 10.00 ás 13.00 horas: parte matemática (matemáticas) e parte sociolingüística (lingua castelá, lingua galega, ciencias sociais).
- Das 16.00 ás 18.00 horas: parte científico-técnica (ciencias da natureza, tecnoloxía).

2. As probas de acceso aos Ciclos de Grao Superior terán lugar o día **10 de abril** de 2019 no horario que se indica a seguir:

- Ás 9.00 horas: presentación.
- Das 10.00 ás 13.30 horas: Parte común da proba (matemáticas, lingua galega e lingua castelá).
- Das 16.00 ás 18.30 horas: Parte específica da proba (materias específicas da opción vinculada ao ciclo formativo ao que se desexe acceder, segundo o **anexo VII da resolución**).